

ANEXO IV

Municipios incluídos na área de influencia socioeconómica

Código INE	Termo municipal	Superficie (ha)
10056	Casas de Millán.	15.308,54
10057	Casas de Miravete.	50.018,72
10058	Casatejada.	11.187,79
10070	Deleitosa.	14.428,11
10097	Higuera.	4.055,52
10103	Jaraicejo.	17.759,67
10116	Malpartida de Plasencia.	37.297,32
10123	Mirabel.	4.935,31
10160	Romangordo.	3.908,67
10173	Saucedilla.	6.044,42
10175	Serradilla.	25.943,07
10176	Serrejón.	12.423,10
10182	Toril.	14.986,04
10190	Torrejón el Rubio.	22.205,97
Total xeral		195.502,25

MINISTERIO DO INTERIOR

4462 *RESOLUCIÓN do 21 de febreiro de 2007, da Dirección Xeral de Tráfico, pola que se establecen medidas especiais de regulación do tráfico durante o ano 2007. («BOE» 54, do 3-3-2007.)*

Por razóns de seguranza viaria, mobilidade e fluidez da circulación, en concordancia coas datas en que se prevén desprazamentos masivos de vehículos, así como pola perigosidade intrínseca da carga de certos vehículos, establécense medidas especiais de regulación de tráfico, de acordo co previsto, ao respecto, nos artigos 5, alíneas k), m) e n) e 16 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo (Boletín Oficial del Estado número 63, do 14 de marzo de 1990), así como nos artigos 37 e 39 do Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro (Boletín Oficial del Estado número 306, do 23 de decembro de 2003), e no artigo 14 do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro (Boletín Oficial del Estado número 22, do 26 de xaneiro de 1999).

Na súa virtude, e de conformidade cos órganos competentes dos ministerios do Interior e de Fomento, para as vías públicas interurbanas e travesías a que se refiren as alíneas i) e k) do artigo 5 do citado texto articulado, o director xeral de Tráfico resolve o seguinte:

Primeiro. *Restricións á circulación.*—Establécense as *restricións de circulación que a seguir se relacionan:*

A) Probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos:

De acordo co disposto no artigo 55 e no anexo II do Regulamento xeral de circulación, non se autorizará nin se emitirá informe favorable de proba deportiva ningunha, de carácter competitivo ou non, cando implique ocupación da calzada ou beiravía, así como calquera outro evento que poida afectar a fluidez da circulación ou a seguranza viaria, durante os días e horas que se indican no anexo I desta resolución, así como aquelas que utilicen autoestradas, excepto nos seus tramos de enlace imprescindibles,

salvo as probas de carácter internacional que sexan expresamente autorizadas ou das cales emitan informe favorable as xefaturas provinciais de Tráfico ou os servizos centrais da Dirección Xeral de Tráfico, segundo proceda.

No que se refire a probas ciclistas, entenderase que teñen carácter internacional as que estean incluídas no calendario mundial ou continental da Unión Ciclista Internacional.

Así mesmo, en relación co preceptuado nesta epígrafe A), o director xeral de Tráfico e, se é o caso, por delegación, o subdirector xeral de Xestión do Tráfico e Mobilidade, poderá autorizar con carácter excepcional a súa realización cando se xustifique o carácter extraordinario e relevante por motivos sociais ou tradicionais, sempre que transcorran por vías de moi baixa intensidade de circulación nas horas en que estea prevista a súa utilización, fóra dos horarios de gran volume de desprazamento a nivel provincial, autonómico ou nacional, requirindo reducida escolta das forzas de vixilancia da Garda Civil e sempre que non afecten os tramos de estradas, días e horas incluídos no anexo II, nin as autoestradas, autovías e as vías incluídas no anexo IV desta resolución.

B) Vehículos de transporte de mercadorías: prohibese a circulación polas vías cuxa vixilancia exerce a Xefatura Central de Tráfico de:

B.1 Mercadorías en xeral:

Nos tramos e durante os días e horas que se indican no anexo II desta resolución, a todo vehículo de máis de 7.500 quilogramos de masa máxima autorizada e aos conxuntos de vehículos de calquera masa máxima autorizada.


Quedan exentos desta prohibición os vehículos e o conxunto de vehículos de calquera masa máxima autorizada que transporten gando vivo ou leite cru.

B.2 Mercadorías perigosas:


B.2.1 Aos vehículos que deban levar os paneis de sinalización de perigo regulamentarios conforme o Acordo europeo sobre o transporte de mercadorías perigosas por estrada (ADR), os domingos e días festivos dentro do ámbito territorial correspondente —nacional ou de comunidade autónoma—, desde as oito ata as vinte e catro horas, e as vésperas, non sábados, destes festivos, desde as trece ata as vinte e catro horas, así como nos días e horas indicados no anexo VI. En caso de coincidiren dous días festivos consecutivos dentro do ámbito territorial correspondente, no primeiro deles aplicarase a restricción soamente desde as oito ata as quince horas.

Todo iso sen prexuízo das restricións temporais que se poidan impoñer con motivo de festividades de carácter local.

Fins de semana



Días festivos



■ Período restrinxido

B.2.2 De acordo co artigo 5 do Real decreto 551/2006, do 5 de maio (Boletín Oficial del Estado nº 113, do 12 de maio), sobre transporte de mercadorías perigosas por estrada, os itinerarios que utilizarán os vehículos para o transporte de mercadorías perigosas serán:

En desprazamentos para distribución e repartición: os desprazamentos cuxa finalidade é a distribución e repartición da mercadoría perigosa aos seus destinatarios finais ou consumidores, utilizarase o itinerario máis idóneo, tanto en relación coa seguranza viaria como coa fluidez do tráfico, percorrendo a mínima distancia posible por estradas convencionais, ata o punto de entrega da mercadoría. Deberanse utilizar inescusablemente as circunvalacións, variantes ou roldas exteriores ás poboacións, se as houbese; en caso de existir máis de unha, circularase pola máis exterior á poboación, e poderase entrar no núcleo urbano unicamente para realizar as operacións de carga e descarga, sempre polo acceso máis próximo ao punto de entrega, salvo por causas xustificadas de forza maior.

Noutro tipo de desprazamentos: se os puntos de orixe e destino do desprazamento se encontran incluídos dentro da RIMP —Rede de Itinerarios para Mercadorías Perigosas— que figura no anexo IV desta resolución, os vehículos que as transporten deberán utilizalos obrigatoriamente no seu percorrido. Se un deses puntos, ou ambos, quedan fóra da RIMP, os desprazamentos deberanse realizar por aquelas estradas convencionais que permitan acceder á dita rede pola entrada ou saída máis próxima, con obxecto de garantir que o percorrido por vías de calzada única sexa o máis curto posible.

O tránsito por vías distintas das aquí sinaladas requirirá que o itinerario non discorra por travesías ou o faga polas de menor perigosidade —de acordo coa intensidade, clasificación e distribución do tráfico, o tamaño do núcleo urbano, a configuración urbanística e o trazado e regulación destas—, e ademais, a previa comunicación con, polo menos, vinte e catro horas de antelación, ao subsector da Agrupación de Tráfico da Garda Civil da provincia correspondente, que confirmará, se é o caso, a utilización da nova ruta.

Así mesmo, permitirase abandonar a RIMP naqueles desprazamentos cuxo destino ou orixe sexa a residencia habitual do transportista —para efectuar os descansos diario ou semanal— ou para a realización de operacións de reparación ou mantemento do vehículo, sempre e cando en todo caso se cumpran as condicións de estacionamento especificadas no ADR.

O disposto nos parágrafos anteriores non será de aplicación cando o transporte desta clase de mercadorías se realice de acordo con algunha das exencións recollidas no ADR por razón do cargamento, cantidade limitada ou tipo de transporte.

B.2.3 Quedan exentos das prohibicións que se establecen nas epígrafes B.2.1 e B.2.2 os vehículos que transporten as materias a que se fai referencia no anexo III desta resolución, nas condicións que nel se determinan.


B.2.4 A circulación dos vehículos a que se refire este punto B.2 polos tramos incluídos no anexo V desta resolución soamente se poderá realizar nos días e períodos horarios nel sinalados.

B.3 Vehículos que precisan autorización complementaria de circulación ao superar, polas súas características técnicas ou por razón da carga indivisible transportada, os valores das masas ou dimensións máximas permitidas.


Non poderán circular desde as trece horas do sábado ou da véspera de festivo de ámbito nacional, ata as dúas horas do luns ou día inmediato seguinte a este festivo, así como os días festivos correspondentes ás comunidades autónomas e dentro do seu ámbito territorial, desde as

cero horas ata as dúas horas do día inmediato seguinte a estes festivos. Tampouco poderán circular os días e horas indicados nos anexos II e VI desta resolución.

Fins de semana e días festivos de ámbito nacional



Días festivos de ámbito autonómico



Esta restrición non será de aplicación a vehículos que en función da súa urxente utilización en labores de extinción de incendios, protección do ambiente e salvamento de vidas humanas e que precisen facelo en réxime de transporte especial, teñan que ineludiblemente circular no horario restrinxido citado. Para iso, o Ministerio de Medio Ambiente e as comunidades autónomas comunicaránlle á Dirección Xeral de Tráfico ou ao Centro de Xestión de Tráfico da zona afectada os vehículos e características do transporte especial, así como o itinerario que seguirán desde a súa orixe ata o lugar de destino.


Os vehículos en réxime de transporte especial provistos de autorización complementaria de circulación de categoría xenérica que se despracen en baleiro non poderán circular polas vías cuxa vixilancia exerce a Xefatura Central de Tráfico, nos tramos e durante os días e as horas que se indican no anexo II desta resolución.

C) Vehículos especiais:


C.1 A maquinaria agrícola e a de obras ou servizos non poderá circular nos tramos e durante os días e as horas que se indican no anexo II desta resolución.

C.2 A maquinaria de servizos automotriz e os guindastes de elevación non poderán circular os domingos e días festivos dentro do ámbito territorial correspondente —nacional ou de comunidade autónoma—, desde as oito ata as vinte e catro horas, e as vésperas, non sábados, destes festivos, desde as trece ata as vinte e catro horas, así como nos días e nas horas indicados nos anexos II e VI desta resolución. En caso de coincidir dous días festivos consecutivos dentro do ámbito territorial correspondente, no primeiro deles aplicarase a restrición soamente desde as oito ata as quince horas.

Fins de semana



Días festivos



■ Período restrinxido

Esta restrición non lles será de aplicación aos guindastres que realicen labores de asistencia a vehículos avariados ou accidentados, no lugar do suceso ou no traslado ao punto máis próximo a aquel onde poida quedar depositado e o regreso en baleiro. No caso doutro tipo de sinistro que requira a urxente e inmediata presenza destes vehículos no lugar do suceso, comunicaranlle á Dirección Xeral de Tráfico ou ao Centro de Xestión de Tráfico da zona afectada os vehículos e as súas características, así como o itinerario que seguirán desde a súa orixe ata o lugar de destino.

D) Carrís reservados para a circulación de vehículos con alta ocupación (VAO): teñen tal consideración os seguintes:

1º. Os pertencentes á calzada central da estrada A-6, entre os quilómetros 6 ao 20 correspondentes á Comunidade de Madrid. O número mínimo de ocupantes por vehículo será de dous, incluído o condutor, quedando limitada a súa utilización a motocicletas, turismos e vehículos mixtos adaptables.

2º. Carril de circulación da estrada A-8065 de Sevilla a San Juan de Aznalfarache. O número mínimo de ocupantes por vehículo será de tres, incluído o condutor, quedando limitada a súa utilización a motocicletas, turismos e vehículos mixtos adaptables. O horario de funcionamento en período VAO será de luns a venres laborables, das 7 ás 10 horas.

Poden utilizalos, tamén, aínda cando só o ocupe o seu condutor, os vehículos citados anteriormente se levan o sinal V-15, as motocicletas de dúas rodas e os autobuses con masa máxima autorizada superior a 3.500 quilogramos e autobuses articulados, polo que está prohibida a circulación do resto de vehículos e conxunto de vehículos, incluídos os turismos con remolque, así como os ciclos e ciclomotores.

E) Outras medidas de regulación en circunstancias excepcionais:

Para lograr unha maior fluidez da circulación, ante situacións excepcionais, tales como festividades, vacacións estacionais, desprazamentos masivos de vehículos, elevadas intensidades de tráfico ou fenómenos meteorolóxicos adversos, os axentes da autoridade responsable da vixilancia e disciplina do tráfico adoptarán as medidas de regulación da circulación oportunas, entre elas a restrición á circulación de determinados tipos de vehículos, sen prexuízo da obriga que incumbe aos condutores de camións, con MMA superior a 3500 kg, autobuses, autobuses articulados e conxuntos de vehículos, de circular obrigatoriamente polo carril dereito da vía, así como a de non efectuar adiantamentos nos casos de neve ou xeo.

Segundo. *Sancións e medidas cautelares.*—As transgresións ás medidas de regulación contidas nesta resolución sancionaranse, se é o caso, conforme o previsto no texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria. Así mesmo, os axentes da autoridade responsable da vixilancia e disciplina do tráfico poderán establecer a medida complementaria de inmovilización do vehículo cando a súa circulación cause risco ou perturbacións graves ao normal desenvolvemento do tráfico rodado e, se fose necesario, procederán á súa retirada e depósito, ata que cese a prohibición ou se autorice a súa marcha.

Terceiro. Suposto excepcional de levantamento de restricións.—Excepcionalmente, a Dirección Xeral de Tráfico, en función das condicións en que se estea desenvolvendo a circulación durante os períodos afectados polas restricións establecidas nesta resolución, poderá permitir a circulación dos vehículos incluídos no punto primeiro,

letra B.1., para cuxos efectos lle dará as instrucións oportunas á Agrupación de Tráfico da Garda Civil.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta resolución entrará en vigor aos oito días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 21 de febreiro de 2007.—O director xeral de Tráfico, Pere Navarro Olivella.

ANEXO I

1º. En xeral en todas as estradas as seguintes datas:

Desde o venres 30 de marzo, ás doce horas, ata o domingo 1 de abril, ás vinte e catro horas.

Desde o mércores 4 de abril, ás dez horas, ata o luns 9 de abril, ás vinte e catro horas.

Desde o venres 27 de abril, ás doce horas, ata o sábado 28 de abril, ás vinte e catro horas.

O martes 1 de maio, desde as oito ata as vinte e catro horas.

Desde o venres 29 de xuño, ás doce horas, ata o domingo 1 de xullo, ás vinte e catro horas.

Desde o martes 31 de xullo, ás doce horas, ata o mércores 1 de agosto, ás vinte e catro horas.

Desde o martes 14 de agosto, ás doce horas, ata o mércores 15 de agosto, ás vinte e catro horas.

Desde o venres 31 de agosto, ás doce horas, ata o domingo 2 de setembro, ás vinte e catro horas.

Desde o xoves 11 de outubro, ás doce horas, ata o venres 12 de outubro, ás vinte e catro horas.

O domingo 14 de outubro, desde as oito ata as vinte e catro horas.

Desde o mércores 31 de outubro, ás doce horas, ata o xoves 1 de novembro, ás vinte e catro horas.

O domingo 4 de novembro, desde as oito ata as vinte e catro horas.

Desde o mércores 5 de decembro, ás doce horas, ata o domingo 9 de decembro, ás vinte e catro horas.

Exceptúanse das restricións anteriores as estradas das comunidades autónomas de Canarias, Illes Balears e Navarra así como nas cidades de Ceuta e Melilla.

2º. Ademais, en cada unha das provincias:

Comunidade Autónoma de Andalucía

Provincia de Almería

Nas estradas A-92, A-7, AL-12, N-340a, N-341, N-344, ALP-202 e ALP-822:

Todos os venres, sábados, domingos e festivos dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, desde as cero ata as vinte e catro horas.

Provincia de Cádiz

En todas as estradas da provincia:

Desde o xoves 22 de marzo, ás catorce horas, ata o domingo 25 de marzo, ás vinte e catro horas.

Todos os sábados, domingos, festivos e vésperas de festivos, desde o sábado 16 de xuño ata o domingo 16 de setembro, desde as cero ata as vinte e catro horas.

Provincia de Córdoba

Na estrada N-331 (tramo Encinas Reales-límite de provincia con Málaga, entre os puntos quilométricos 89 ao 102):

Durante todo o ano, desde as oito horas dos venres ata as vinte e catro horas dos domingos.

Provincia de Granada

Nas estradas N-323, N-340 e N-432 (tramo Granada-Pinos Puente, entre os puntos quilométricos 419 ao 438):

Todos os venres, sábados, domingos e festivos dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, desde as cero ata as vinte e catro horas.

Provincia de Huelva

a) Na estrada A-483 e A-494:

Desde o mércores 23 de maio, ás cero horas, ata o martes 29 de maio, ás vinte e catro horas.

b) Nas estradas N-431, N-442, A-483, A-497, A-5056, A-5054, A-5053, A-5052 e A-5051:

Todos os sábados, domingos e festivos, desde o sábado 30 de xuño ata o domingo 16 de setembro, de cero a vinte e catro horas.

Provincia de Jaén

a) En todas as estradas da provincia:

O mércores 2 de maio, desde as dez ata as vinte e catro horas.

O domingo 11 de novembro, desde as dez ata as vinte e catro horas.

b) Nas estradas N-322, N-323a e A-316:

Todos os venres, sábados, domingos e festivos dos meses de xullo e agosto, desde as cero ata as vinte e catro horas.

Provincia de Málaga

Nas estradas N-331/A-45, A-7, AP-7, MA-21, MA-24, N-340, A-92, A-357 e A-92M:

Todos os días dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, desde as cero ata as vinte e catro horas.

Provincia de Sevilla

a) Nas estradas A-49, A-66 e SE-30 (rolda de circunvalación entre os puntos quilométricos 0 ao 17):

Todos os días do ano, desde as oito ata as vinte e catro horas.

b) Nas estradas A-471, A-8057 e A-8058:

Durante todo o ano, desde as oito horas dos venres ata as vinte e catro horas dos domingos.

Comunidade Autónoma de Aragón

Provincia de Huesca

En todas as estradas da provincia:

Desde o sábado 21 de abril, ás oito horas, ata o luns 23 de abril, ás vinte e catro horas.

Provincia de Teruel

En todas as estradas da provincia:

Desde o sábado 17 de febreiro, ás oito horas, ata o domingo 18 de febreiro, ás vinte e catro horas.

Desde o sábado 21 de abril, ás oito horas, ata o luns 23 de abril, ás vinte e catro horas.

Desde o sábado 7 de xullo, ás oito horas, ata o luns 9 de xullo, ás vinte e catro horas.

Provincia de Zaragoza

En todas as estradas da provincia:

Desde o sábado 21 de abril, ás oito horas, ata o luns 23 de abril, ás vinte e catro horas.

Comunidade Autónoma do Principado de Asturias

En todas as estradas da comunidade autónoma:

Desde o venres 3 de agosto, ás cero horas, ata o domingo 5 de agosto, ás vinte e catro horas.

Desde o venres 7 de setembro, ás quince horas, ata o domingo 9 de setembro, ás vinte e catro horas.

Desde o xoves 25 de outubro, ás quince horas, ata o sábado 27 de outubro, ás vinte e catro horas.

Comunidade Autónoma das Illes Balears

a) En todas as estradas da comunidade autónoma:

Todos os domingos dos meses de xullo e agosto, desde as cero ata as vinte e catro horas.

b) En todas as estradas da illa de Mallorca:

Desde o xoves 5 de abril, ás dez horas, ata o sábado 7 de abril, ás vinte e catro horas.

O luns 9 de abril, desde as cero ata as vinte e catro horas.

Comunidade Autónoma de Cantabria

En todas as estradas da comunidade autónoma:

Desde o sábado 15 de setembro, ás cero horas, ata o domingo 16 de setembro, ás vinte e catro horas.

Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha

Provincia de Albacete

As restricións a probas deportivas aplicables nesta provincia son só as de carácter xeral.

Provincia de Ciudad Real

En todas as estradas da provincia:

O mércores 2 de maio, desde as dez ata as vinte e catro horas.

Desde o venres 11 de maio, ás doce horas, ata o sábado 12 de maio, ás vinte e catro horas.

O martes 15 de maio, desde as dez ata as vinte e catro horas.

O domingo 11 de novembro, desde as oito ata as vinte e catro horas.

Provincia de Cuenca

En todas as estradas da provincia:

Desde o mércores 30 de maio, ás catorce horas, ata o xoves 31 de maio, ás vinte e dúas horas.

Provincia de Guadalajara

As restricións a probas deportivas aplicables nesta provincia son só as de carácter xeral.

Provincia de Toledo

En todas as estradas da provincia:

O mércores 2 de maio, desde as dez ata as vinte e catro horas.

Desde o venres 11 de maio, ás doce horas, ata o sábado 12 de maio, ás vinte e catro horas.

O martes 15 de maio, desde as dez ata as vinte e catro horas.

O domingo 11 de novembro, desde as oito ata as vinte e catro horas.

Comunidade Autónoma de Castilla y León

Provincia de Ávila

En todas as estradas da provincia:

O mércores 2 de maio, desde as dez ata as vinte e catro horas.

O luns 15 de outubro, desde as oito ata as vinte e catro horas.

Provincia de Burgos

As restricións a probas deportivas aplicables nesta provincia son só as de carácter xeral.

Provincia de León

As restricións a probas deportivas aplicables nesta provincia son só as de carácter xeral.

Provincia de Palencia

As restricións a probas deportivas aplicables nesta provincia son só as de carácter xeral.

Provincia de Salamanca

En todas as estradas da provincia:

O luns 23 de abril, desde as dez ata as vinte e catro horas.

Provincia de Segovia

a) En todas as estradas da provincia:

O mércores 2 de maio, desde as dez ata as vinte e catro horas.

Desde o venres 11 de maio, ás doce horas, ata o sábado 12 de maio, ás vinte e catro horas.

O martes 15 de maio, desde as dez ata as vinte e catro horas.

b) Nas estradas N-VI, N-603, CL-601 (entre os puntos quilométricos 120,7 ao 137,4) e SG-20:

Todos os sábados do ano, desde as trece ata as vinte e catro horas.

Todos os domingos do ano, desde as catorce ata as vinte e catro horas.

Provincia de Soria

As restricións a probas deportivas aplicables nesta provincia son só as de carácter xeral.

Provincia de Valladolid

En todas as estradas da provincia:

O luns 23 de abril, desde as oito ata as vinte e catro horas.

Provincia de Zamora

As restricións a probas deportivas aplicables nesta provincia son só as de carácter xeral.

Comunidade Autónoma de Extremadura

Provincia de Badajoz

As restricións a probas deportivas aplicables nesta provincia son só as de carácter xeral.

Provincia de Cáceres

As restricións a probas deportivas aplicables nesta provincia son só as de carácter xeral.

Comunidade Autónoma de Galicia

Provincia da Coruña

As restricións a probas deportivas aplicables nesta provincia son só as de carácter xeral.

Provincia de Lugo

As restricións a probas deportivas aplicables nesta provincia son só as de carácter xeral.

Provincia de Ourense

As restricións a probas deportivas aplicables nesta provincia son só as de carácter xeral.

Provincia de Pontevedra

As restricións a probas deportivas aplicables nesta provincia son só as de carácter xeral.

Comunidade de Madrid

a) En todas as estradas da comunidade autónoma:

O mércores 2 de maio, desde as dez ata as vinte e catro horas.

Desde o venres 11 de maio, ás doce horas, ata o sábado 12 de maio, ás quince horas.

O martes 15 de maio, desde as dez ata as vinte e catro horas.

O domingo 11 de novembro, desde as oito ata as vinte e catro horas.

b) Nas estradas A-6, M-607, M-500 e M-501 (entre os puntos quilométricos 0 ao 21):

Todos os venres ou vésperas de festivos do ano, de quince a vinte e catro horas, sentido saída de Madrid.

Todos os sábados do ano, de dez a quince horas, sentido saída de Madrid.

Todos os domingos ou festivos do ano, de quince a vinte e catro horas, sentido entrada a Madrid.

c) Nas estradas N-VI, M-601, M-505 e M-501 (entre os puntos quilométricos 21 ao 70):

Os mesmos días e horas que a alínea b), en ambos os sentidos.

Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia

En todas as estradas da comunidade autónoma:

Todos os sábados, domingos, festivos e vésperas de festivos, desde o venres 8 de xuño ata o domingo 9 de setembro, desde as cero ata as vinte e catro horas.

Comunidade Foral de Navarra

As restricións a probas deportivas nesta comunidade autónoma son as de carácter xeral aplicables só ás estradas da rede de interese xeral e foral.

Comunidade Autónoma de La Rioja

a) Nas estradas da rede de estradas do Estado:

Todos os días, desde o venres 8 de xuño ata o luns 11 de xuño, desde as oito ata as vinte e catro horas.

b) Na estrada N-111 (entre os puntos quilométricos 266 ao 327):

O domingo 17 de xuño, desde as oito ata as vinte e catro horas.

Os domingos e festivos dos meses de xullo e agosto, desde as once ata as vinte e catro horas.

c) Na estrada N-120:

Os domingos e festivos dos meses de xullo e agosto, desde as once ata as vinte e catro horas.

Comunidade Valenciana

Provincia de Alacant

a) Na estrada N-332:

Todos os días do ano, desde as cero ata as vinte e catro horas.

b) Na estrada N-340 (entre os puntos quilométricos 678,7 ao 735,7):

Todos os días do ano, desde as cero ata as vinte e catro horas.

c) En todas as estradas da provincia:

Todos os sábados, domingos, festivos e vésperas de festivos, desde o domingo 17 de xuño ata o domingo 9 de setembro, desde as cero ata as vinte e catro horas.

Provincia de Castelló

a) En todas as estradas da provincia:

Desde o venres 9 de marzo, ás doce horas, ata o luns 12 de marzo, ás vinte e catro horas.

Desde o xoves 19 de xullo, ás doce horas, ata o domingo 22 de xullo, ás vinte e catro horas.

Desde o venres 5 de outubro, ás trece horas, ata o martes 9 de outubro, ás vinte e catro horas.

b) Nas estradas N-234 e A-23:

Todos os domingos do ano, desde as doce ata as vinte e catro horas.

Todos os días dos meses de xullo e agosto, desde as cero ata as vinte e catro horas.

c) Nas estradas N-340 e A-7:

Todos os días dos meses de xullo e agosto, desde as cero ata as vinte e catro horas.

Provincia de Valencia

a) En todas as estradas da provincia:

Desde o domingo 15 de abril, ás cero horas, ata o luns 16 de abril, ás vinte e catro horas.

Todos os sábados e domingos do mes de agosto, desde as cero ata as vinte e catro horas.

O martes 9 de outubro, desde as cero ata as vinte e catro horas.

Desde o sábado 3 de novembro, ás cero horas, ata o domingo 4 de novembro, ás vinte e catro horas.

b) Na estrada N-332:

Todos os días do ano, desde as cero ata as vinte e catro horas.

c) Na estrada CV-40:

Todos os sábados e domingos dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, desde as cero ata as vinte e catro horas.

d) Na estrada CV-500:

Todos os sábados e domingos do mes de maio, desde as cero ata as vinte e catro horas.

Todos os días dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, desde as cero ata as vinte e catro horas.

ANEXO II

a) RESTRICIÓN EN PERÍODOS XENÉRICOS

Todos os DOMINGOS E FESTIVOS comprendidos entre o 1 de maio e o 30 de setembro						
	Inicio		Final			
Estr.	P.Q.	Poboación	P.Q.	Poboación	Duración	Sentido
A-7	229	Málaga (enlace Los Álamos)	234	Málaga (Pazo Deportes)	17.00-24.00	Barcelona
N-323	190	Salobreña	166	Izbor	15.00-24.00	Bailén
N-340	308	La Herradura	345	Calahonda	15.00-24.00	Ambos os sentidos
A-45	166	Málaga	139	Alto Pedrizas	17.00-24.00	Córdoba
A-49	132,5	Ayamonte (fronteira con Portugal)	51	Bollulos Par del Condado	15.00-24.00	Sevilla
N-611	127,7	Mataporquera	208	Santander	14.00-24.00	Ambos os sentidos

Todos os DOMINGOS E FESTIVOS comprendidos entre o 22 de xuño e o 30 de setembro						
	Inicio		Final			
Estr.	P.Q.	Poboación	P.Q.	Poboación	Duración	Sentido
AP-6/A-6	80,9	Villacastín	11,65	Enlace M-40 (Madrid)	21.00-24.00	Entrada Madrid
A-1	115,5	Boceguillas	11,8	Enlace M-40 (Madrid)	21.00-24.00	Entrada Madrid
A-2	102	Almadrones	10,8	Enlace M-40 (Madrid)	21.00-24.00	Entrada Madrid
A-3	177	Atalaya del Cañavate	6,9	Enlace M-40 (Madrid)	21.00-24.00	Entrada Madrid
A-5	75	Maqueda	11,8	Enlace M-40 (Madrid)	21.00-01.00	Entrada Madrid
N-VI	83	Villacastín	42,5	Villalba	21.00-24.00	Entrada Madrid
M-501	59,5	S. Martín de Valdeiglesias	0	Enlace M-40 (Madrid)	21.00-24.00	Entrada Madrid
AP-61	88,55	Segovia	61,50	San Rafael	21.00-24.00	Entrada Madrid
N-603	74,9	Otero de Herreros	64	San Rafael	21.00-24.00	Entrada Madrid
A-8	302	Llanes	424	Soto del Barco	18.00-23.00	Ambos os sentidos
A-64	0	Villaviciosa (Grases)	32	Oviedo (Paredes)	18.00-23.00	Ambos os sentidos
A-66	12	Serín	65	Campomanes	18.00-23.00	Ambos os sentidos
AP-66	65	Campomanes	113	La Magdalena	18.00-23.00	Asturias
AS-1	0	Mieres	33	Gijón	18.00-23.00	Ambos os sentidos
AS-19	0	Gijón	22,1	Avilés	18.00-23.00	Ambos os sentidos
N-632	41,50	Villaviciosa	75	Gijón	18.00-23.00	Ambos os sentidos
N-632	97	Avilés	158,5	Luarca	18.00-23.00	Ambos os sentidos
N-634	280,3	Límite provincias Asturias-Cantabria	382	Lieres	18.00-23.00	Ambos os sentidos
N-634	507,7	Luarca	552,53	Límite provincias Asturias-Lugo	18.00-23.00	Ambos os sentidos
N-634	552,53	Límite provincias Lugo-Asturias	622	Vilalba	18.00-23.00	Ambos os sentidos

Todos os SÁBADOS, DOMINGOS E FESTIVOS comprendidos entre o 1 de xullo e o 30 de setembro						
	Inicio			Final		
Estr.	P.Q.	Poboación	P.Q.	Poboación	Duración	Sentido
A-483	0	Enlace A-49 (Bollullos Par Cd)	41,33	Matalascañas	10.00-22.00	Ambos os sentidos
HV-4116	0	Lepe	7,2	La Antilla	10.00-22.00	Ambos os sentidos

Todos os SÁBADOS dos meses de xullo e agosto (continuidade restricións en Francia)						
	Inicio			Final		
Estr.	P.Q.	Poboación	P.Q.	Poboación	Duración	Sentido
N-121-B	48,20	Oronoz-Mugairi	80,20	Dantxarinea	7.00-19.00	Dantxarinea
N-135	21	Zubiri	66,45	Fronteira con Francia	7.00-19.00	Fronteira con Francia
N-138	21	Zubiri	46,45	Fronteira con Francia	7.00-19.00	Fronteira con Francia

Todos os DOMINGOS E FESTIVOS dos meses de xullo e agosto (continuidade restricións en Francia)						
	Inicio			Final		
Estr.	P.Q.	Poboación	P.Q.	Poboación	Duración	Sentido
N-121-B	48,20	Oronoz-Mugairi	80,20	Dantxarinea	0.00-22.00	Dantxarinea
N-135	21	Zubiri	66,45	Fronteira con Francia	0.00-22.00	Fronteira con Francia
N-138	21	Zubiri	46,45	Fronteira con Francia	0.00-22.00	Fronteira con Francia

b) RESTRICIÓN POR DATAS

Mércores 4 de abril (Semana Santa)						
	Inicio			Final		
Estr.	P.Q.	Poboación	P.Q.	Poboación	Duración	Sentido
A-6/AP-6	11,65	Enlace M-40 (Madrid)	60,2	San Rafael	16.00-22.00	Saída Madrid
A-1	11,8	Enlace M-40 (Madrid)	50	Venturada	16.00-22.00	Saída Madrid
A-2	18,3	Enlace M-45 (Madrid)	35	Alcalá de Henares	16.00-22.00	Saída Madrid
R-2	17,1	Enlace M-50 (Madrid)	62,5	Taracena	16.00-22.00	Saída Madrid
A-3	13	Enlace M-50 (Madrid)	80,4	Tarancón	13.00-22.00	Ambos os sentidos
R-3	7,3	Enlace M-50 (Madrid)	29,4	Arganda	13.00-22.00	Saída Madrid
A-4	17,3	Enlace M-50 (Madrid)	62	Ocaña	13.00-22.00	Saída Madrid
R-4	0	Enlace M-50 (Madrid)	52,5	Dos Barrios	13.00-22.00	Saída Madrid
A-4	120	Madrirdejos	62	Ocaña	13.00-22.00	Entrada Madrid
A-5	14	Enlace M-50 (Madrid)	106	Talavera de la Reina	16.00-22.00	Ambos os sentidos
R-5	15	Arroyomolinos (enlace AP-41)	30,5	Valmojado	16.00-22.00	Saída Madrid
N-VI	42,5	Villalba	62,5	San Rafael	16.00-22.00	Saída Madrid
M-501	4	Enlace M-50 (Madrid)	59,5	San Martín de Valdeiglesias	16.00-22.00	Saída Madrid

Xoves 5 de abril (Semana Santa)						
	Inicio		Final			
Estr.	P.Q.	Poboación	P.Q.	Poboación	Duración	Sentido
A-6/AP-6	11,65	Enlace M-40 (Madrid)	60,2	San Rafael	8.00-16.00	Saída Madrid
A-1	11,8	Enlace M-40 (Madrid)	50	Venturada	8.00-13.00	Saída Madrid
A-2	18,3	Enlace M-45 (Madrid)	52	Guadalajara	8.00-13.00	Saída Madrid
R-2	17,1	Enlace M-50 (Madrid)	62,5	Taracena	8.00-13.00	Saída Madrid
A-3	13	Enlace M-50 (Madrid)	80,4	Tarancón	7.00-13.00	Ambos os sentidos
R-3	7,3	Enlace M-50 (Madrid)	29,4	Arganda	7.00-13.00	Saída Madrid
A-4	17,3	Enlace M-50 (Madrid)	62	Ocaña	7.00-13.00	Saída Madrid
R-4	0	Enlace M-50 (Madrid)	52,5	Dos Barrios	7.00-13.00	Saída Madrid
A-4	120	Madridejos	62	Ocaña	7.00-13.00	Entrada Madrid
A-5	14	Enlace M-50 (Madrid)	106	Talavera de la Reina	8.00-13.00	Ambos os sentidos
R-5	15	Arroyomolinos (enlace AP-41)	30,5	Valmorado	8.00-13.00	Saída Madrid
N-VI	42,5	Villalba	62,5	San Rafael	8.00-16.00	Saída Madrid
M-501	4	Enlace M-50 (Madrid)	59,5	San Martín de Valdeiglesias	8.00-13.00	Saída Madrid
AP-1	77,2	Miranda de Ebro	0	Burgos	8.00-14.00	Burgos
N-I	319	Miranda de Ebro	236	Burgos	8.00-14.00	Burgos
N-121-B	48,20	Oronoz-Mugairi	80,20	Dantxarinea	8.00-22.00	Dantxarinea
N-135	21	Zubiri	66,45	Fronteira con Francia	8.00-22.00	Fronteira con Francia
N-138	21	Zubiri	46,45	Fronteira con Francia	8.00-22.00	Fronteira con Francia

Venres 6 de abril (continuidade restricións en Francia)						
	Inicio		Final			
Estr.	P.Q.	Poboación	P.Q.	Poboación	Duración	Sentido
N-121-B	48,20	Oronoz-Mugairi	80,20	Dantxarinea	8.00-22.00	Dantxarinea
N-135	21	Zubiri	66,45	Fronteira con Francia	8.00-22.00	Fronteira con Francia
N-138	21	Zubiri	46,45	Fronteira con Francia	8.00-22.00	Fronteira con Francia

Domingo 8 de abril (Semana Santa)						
	Inicio		Final			
Estr.	P.Q.	Poboación	P.Q.	Poboación	Duración	Sentido
AP-6 / A-6	80,9	Villacastín	11,65	Enlace M-40 (Madrid)	16.00-24.00	Entrada Madrid
A-1	115,5	Boceguillas	11,8	Enlace M-40 (Madrid)	16.00-22.00	Entrada Madrid

A-2	102	Almadrones	10,8	Enlace M-40 (Madrid)	16.00-22.00	Entrada Madrid
A-3	207	Motilla del Palancar	6,9	Enlace M-40 (Madrid)	12.00-24.00	Entrada Madrid
A-3	13	Enlace M-50 (Madrid)	80,4	Tarancón	16.00-24.00	Saída Madrid
R-3	7,3	Enlace M-50 (Madrid)	29,4	Arganda	16.00-24.00	Saída Madrid
A-4	170	Manzanares	6,7	Enlace M-40 (Madrid)	16.00-24.00	Entrada Madrid
A-5	75	Maqueda	11,8	Enlace M-40 (Madrid)	16.00-24.00	Ambos os sentidos
N-VI	83	Villacastín	42,5	Villalba	16.00-24.00	Entrada Madrid
M-501	59,5	S. Martín de Valdeiglesias	0	Enlace M-40 (Madrid)	16.00-22.00	Entrada Madrid
AP-61	88,55	Segovia	61,50	San Rafael	16.00-24.00	Entrada Madrid
N-603	74,9	Otero de Herreros	64	San Rafael	16.00-24.00	Entrada Madrid
A-31	80	Albacete	0	Atalaya de Cañavate	11.00-24.00	Atalaya Cañavate
AP-36	147	La Roda	0	Ocaña	11.00-24.00	Entrada Madrid
N-301	210	La Roda	61	Ocaña	11.00-24.00	Entrada Madrid
A-7	500	Paterna	527	Silla	11.00-23.00	Ambos os sentidos
A-4	288	Guarromán (Políg. Guadiel)	230	Almuradiel	13.00-24.00	Entrada Madrid
A-8	302	Llanes	424	Soto del Barco	18.00-23.00	Ambos os sentidos
A-64	0	Villaviciosa (Grases)	32	Oviedo (Paredes)	18.00-23.00	Ambos os sentidos
A-66	12	Serín	65	Campomanes	18.00-23.00	Ambos os sentidos
AP-66	65	Campomanes	113	La Magdalena	18.00-23.00	Asturias
N-632	97	Avilés	158,5	Luarca	18.00-23.00	Ambos os sentidos
N-634	280,3	Límite provincias Asturias-Cantabria	382	Lieres	18.00-23.00	Ambos os sentidos
N-634	507,7	Luarca	552,53	Límite provincias Asturias-Lugo	18.00-23.00	Ambos os sentidos
AS-1	0	Mieres	33	Gijón	18.00-23.00	Ambos os sentidos
AS-19	0	Gijón	22,1	Avilés	18.00-23.00	Ambos os sentidos
N-611	127,7	Mataporquera	208	Santander	14.00-24.00	Ambos os sentidos
N-121-B	48,20	Oronoz-Mugairi	80,20	Dantxarinea	0.00-22.00	Dantxarinea
N-135	21	Zubiri	66,45	Fronteira con Francia	0.00-22.00	Fronteira con Francia
N-138	21	Zubiri	46,45	Fronteira con Francia	0.00-22.00	Fronteira con Francia

Luns 9 de abril (Semana Santa)						
	Inicio			Final		
Estr.	P.Q.	Poboación	P.Q.	Poboación	Duración	Sentido
AP-1	0	Burgos	77,2	Miranda de Ebro	10.00-22.00	Irún
A-1 / N-I	157,5	Aranda de Duero	319	Miranda de Ebro	10.00-22.00	Irún
A-62	242	Salamanca	4	Burgos	10.00-22.00	Burgos

A-231	107,3	Osorno (enlace N-611/ N-120)	157,1	Burgos	10.00-22.00	Burgos
N-120	174,6	Osorno (enlace N-611/ A-231)	120	Burgos	10.00-22.00	Burgos
A-7	500	Paterna	527	Silla	11.00-23.00	Ambos os sentidos
A-3	177	Atalaya del Cañavate	352	Valencia	11.00-23.00	Entrada Valencia
A-3	177	Atalaya del Cañavate	15	Enlace M-50 (Madrid)	11.00-15.00	Entrada Madrid
A-31	80	Albacete	0	Atalaya de Cañavate	11.00-15.00	Atalaya Cañavate
A-31	80	Albacete	147	Almansa	15.00-23.00	Almansa
A-4	170	Manzanares	17,1	Enlace M-50 (Madrid)	11.00-15.00	Entrada Madrid
A-5	75	Maqueda	16,3	Enlace M-50 (Madrid)	11.00-15.00	Entrada Madrid
A-4	288	Guarromán –Polígono Guadiel	230	Almuradiel	10.00-15.00	Entrada Madrid
N-121-B	48,20	Oronoz-Mugairi	80,20	Dantxarinea	0.00-22.00	Dantxarinea
N-135	21	Zubiri	66,45	Fronteira con Francia	0.00-22.00	Fronteira con Francia
N-138	21	Zubiri	46,45	Fronteira con Francia	0.00-22.00	Fronteira con Francia

Luns 16 de abril (festividade Levante)

		Inicio		Final			
Estr.	P.Q.	Poboación		P.Q.	Poboación	Duración	Sentido
A-3	177	Atalaya del Cañavate		352	Valencia	11.00-23.00	Entrada Valencia

Venres 27 de abril (ponte 1º de maio)

		Inicio		Final			
Estr.	P.Q.	Poboación		P.Q.	Poboación	Duración	Sentido
A-6/AP-6	11,65	Enlace M-40 (Madrid)		60,2	San Rafael	16.00-22.00	Saída Madrid
A-1	11,8	Enlace M-40 (Madrid)		50	Venturada	16.00-22.00	Saída Madrid
A-2	18,3	Enlace M-45 (Madrid)		35	Alcalá de Henares	16.00-22.00	Saída Madrid
R-2	17,1	Enlace M-50 (Madrid)		62,5	Taracena	16.00-22.00	Saída Madrid
A-3	13	Enlace M-50 (Madrid)		80,4	Tarancón	13.00-22.00	Ambos os sentidos
R-3	7,3	Enlace M-50 (Madrid)		29,4	Arganda	13.00-22.00	Saída Madrid
A-4	17,3	Enlace M-50 (Madrid)		62	Ocaña	13.00-22.00	Saída Madrid
R-4	0	Enlace M-50 (Madrid)		52,5	Dos Barrios	13.00-22.00	Saída Madrid
A-4	120	Madrirdejos		62	Ocaña	13.00-22.00	Entrada Madrid
A-5	14	Enlace M-50 (Madrid)		106	Talavera de la Reina	16.00-22.00	Ambos os sentidos
R-5	15	Arroyomolinos (enlace AP-41)		30,5	Valmojado	16.00-22.00	Saída Madrid
N-VI	42,5	Villalba		62,5	San Rafael	16.00-22.00	Saída Madrid
M-501	4	Enlace M-50 (Madrid)		59,5	San Martín de Valdeiglesias	16.00-22.00	Saída Madrid
A-6178/ CR-500	29,5	Sant. Ntra. Sra. Cabeza		57,6	Minas Diógenes (Ciudad Real)	15.00-24.00	Ambos os sentidos
A-6177	0	Andújar (Jaén)		31,9	Santuario de Ntra. Sra. Cabeza	15.00-24.00	Ambos os sentidos

Sábado 28 de abril (ponte 1º de maio)						
	Inicio		Final			
Estr.	P.Q.	Poboación	P.Q.	Poboación	Duración	Sentido
A-6/AP-6	11,65	Enlace M-40 (Madrid)	60,2	San Rafael	8.00-16.00	Saída Madrid
A-1	11,8	Enlace M-40 (Madrid)	50	Venturada	8.00-13.00	Saída Madrid
A-2	18,3	Enlace M-45 (Madrid)	35	Alcalá de Henares	8.00-13.00	Saída Madrid
R-2	17,1	Enlace M-50 (Madrid)	62,5	Taracena	8.00-13.00	Saída Madrid
